



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Padrón de subministro de auga potable, saneamento e depuración, 2º trimestre de 2025

ANUNCIO

Edicto de exposición pública e período de cobro do Padrón de subministración de auga, saneamento e depuración, correspondente ao segundo trimestre de 2025.

Con data do 06 de agosto de 2025, o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume, ditou o Decreto núm. 468/2025, polo que se resolveu:

- “Aprobar o padrón de subministración de auga potable, saneamento e depuración correspondente ao SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025, que figura na relación de facturación presentada pola empresa concesionaria do servizo co seguinte detalle:

ABASTECIMIENTO DE AUGA

Metros cúbicos facturados: 250.112 m³

Padrón: 100.639,31 €, IVE excluído

SANEAMENTO

Metros cúbicos facturados: 178.506 m³

Padrón: 26.175,79 €, IVE excluído

CANON

Metros cúbicos facturados: 155.616 m³

Padrón: 35.878,49 €, IVE excluído.

DEPURACIÓN

Metros cúbicos facturados: 160.043 m³

Padrón: 40.905,46 €, IVE excluído

- Expoñer ó público todos os datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, polo prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- Contra as liquidacións incorporadas ó padrón todas as persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición ante esta alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes, dende a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

- O prazo de cobramento en período voluntario abranguerá dende o día seguinte da publicación deste edicto por un período de dous meses. Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina das seguintes entidades: ABANCA, SANTANDER, BBVA, LA CAIXA ou CORREOS, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación (factura) que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario.

Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar con VIAQUA, quen facilitará documento para poder efectuar o pago nas devanditas entidades. Tamén existe a posibilidade de domiciliación bancaria. Transcorrido o período voluntario iníciase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de prema, coas recargas e xuros de mora que procedan.

- A falta de pagamento en período voluntario, suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

En Pontedeume, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro o día 06 de agosto de 2025.

2025/5302